

BASES DE ADXUDICACIÓN DE LOCAIS DE EMPRENDEMENTO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello do Grove ten entre a súas funcións a xestión de políticas municipais en materia de promoción económica do municipio, cun enfoque prioritario cara a dinamización da actividade comercial mediante o incentivo a iniciativas de emprendemento e o autoemprego, e o fomento da innovación e a competitividade das PEMES, entre outras medidas.

En xeral os emprendedores e emprendedoras e os empresarios de pequena e media empresa están chamados a xogar un papel fundamental no desenvolvemento económico do Grove, desenvolvemento que debe estar vencellado directamente co concepto de economía sostible. Pero non só é necesario que ocupen o seu lugar no mercado, tamén deben estar preparados para a difícil situación económica que inda estamos atravesando.

A través dos locais de emprendemento do Concello do Grove, situados no Mercado Municipal, preténdese aportar un pequeno apoio á creación e consolidación de empresas mediante a facilitación de espazos para a posta en marcha de proxectos que diversifiquen a oferta do mercado e que permitan iniciar experiencias de futuro para garantir o desenvolvemento local.

Deste xeito, o Concello do Grove, en virtude da aplicación dos principios de publicidade, concorrência e obxectividade, ten elaborado as seguintes

BASES

Primeira. Obxecto e ámbito da convocatoria

A presente convocatoria ten como obxecto que o Concello do Grove constitúa unha “Bolsa de proxectos empresariais de emprendemento” e proceda a selección daqueles que obteñan maior puntuación, segundo o baremo establecido no Anexo II da presente convocatoria, autorizándolles o uso dos espazos de emprendemento situados no Mercado Municipal do Grove, condicionado á existencia de vacantes no mesmo, para o establecemento, arranque e consolidación de proxectos empresariais de nova ou recente creación.

Segunda. Beneficiarios

Terán a consideración de candidatos ou candidatas para o uso dos espazos aquelas persoas físicas ou xurídicas con proxectos de creación de negocios e/ou empresas en funcionamento que cumpran os seguintes requisitos previos e cuxo proxecto empresariais ou plan de negocio sexa considerado viable económica e tecnicamente pola Comisión de Selección, segundo a baremaxe establecida na presente convocatoria.

Son requisitos previos:

1. Os espazos de emprendemento están destinados:

- a) **Empresas de nova ou recente creación (exclusivamente PEMES)**, ou cunha antigüidade máxima no negocio de tres anos, a contar dende o inicio da actividade e ata a data de presentación da solicitude.

A estes efectos tomarase como data de inicio da actividade a declarada no modelo 036 da Axencia Estatal da Administración Tributaria e, para o caso das persoas físicas, a data de inicio da actividade declarada no modelo 036 ou 037. Alto no Réxime Especial dos Traballadores Autónomos no caso de sociedades, alta no réxime de Seguridade Social que corresponda (xeral ou de autónomos) dos socios das sociedades. Prestarase especial atención á comprobación da antigüidade do negocio declarado. No caso de persoas físicas enténdese que o inicio da actividade refírese a un epígrafe determinado do IAE.

- b) **Proxectos empresariais** promovidos por persoas ou grupos de persoas non constituídas como empresas, pero que no prazo de 30 días dende a notificación da resolución favorable do órgano competente municipal sobre a autorización de uso dos espazos, presente a xustificación do inicio da actividade, de conformidade co disposto no apartado anterior.

2. En ambos casos as empresas ou proxectos empresariais deberán cumprir:

- a) Deben contar cun **plan de empresa** que garanta a permanencia e estabilidade do emprego e desenvolva actividades que se consideren compatibles coas características físicas do espazo e co fin ao que están destinados.
- b) Deben **radicar a súa actividade empresarial no Concello do Grove**, constando no mesmo a súa sede social.
- c) Deben **cumprir cos requisitos legais e administrativos** para o correcto desenvolvemento da súa actividade durante todo o período no que fagan uso das instalacións municipais.
- d) Deben respectar o establecido **nestas bases ademais do recollido na ordenanza municipal do mercado do Grove** ou posteriores desenvolvementos da mesma.

Terceira. Actividades e proxectos excluídos

Están expresamente excluídos para o seu aloxamento nos espazos de emprendemento todas aquelas empresas ou proxectos similares aos xa existentes no Mercado Municipal do Grove, así como calquera negocio que prexudique ao medioambiente ou a contorna local.

Cuarta. Prazo de duración da autorización do uso dos espazos

O prazo de duración da autorización do uso de cada un dos espazos será de dous anos, sendo a estancia máxima permitida nos espazos de emprendemento de catro anos. Isto quere dicir que, transcorridos os primeiros dous anos, as empresas aloxadas nestes espazos poderán solicitar unha prórroga de uso por dous anos máis.

Para proceder a esa autorización as empresas aloxadas nestes espazos deberán solicitar unha prórroga de uso. Para proceder a autorizar será necesaria unha solicitude expresa que deberá ser presentada co a lo menos un mes de antelación antes da data de vencemento.

Unha Comisión de Selección municipal avaliará a necesidade de permanencia, previo informe dos servizos técnicos con datos procedentes da empresa no relativo a todo o período de ocupación do espazo.

Transcorridos tres anos e, en todo caso, os catro máximos de ocupación, a empresa deberá abandonar o espazo cedido deixando o mesmo libre e expedito, sen necesidade de requirimento especial e sen dereito indemnizatorio algún ao seu favor. Caso de que non o fixera, poderán levarse ao cabo cantas accións sexan necesarias para proceder ao seu desaloxo.

O Concello do Grove resérvase a facultade, mediante resolución, de deixar sen efecto a autorización, para o uso dos espazos de emprendemento antes do vencemento do prazo, se así o xustificaran circunstancias sobrevidas de interese público, mediante o resarcimento dos danos que causara ou sen el cando non procedese.

Quinta. Convocatoria, presentación de solicitudes, documentación e subsanación

1. O Concello do Grove establecerá un **sistema aberto de convocatoria** baseado nun proceso aberto de estudo, selección e autorización.

A convocatoria será publicada no “perfil do contratante”, nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello do Grove.

O modelo de solicitude (Anexo I) para o uso destes espazos estará a disposición dos interesados e interesadas na web do Concello do Grove e nas oficinas do Edificio Administrativo.

2. **Presentación de solicitudes.** As solicitudes deberán presentarse, xunto coa documentación requirida no Rexistro do Concello do Grove sendo a Sede Electrónica unha vez estea operativa o medio de presentación. Así mesmo tamén poderán presentarse as solicitudes por calquera dos medios e formas previstos no artigo 38.4 da Lei 30/92 de 26 de novembro en canto non entre en vigor o artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro.

Deberá explicitarse no apartado correspondente do modelo de solicitude (Anexo I) o espazo de emprendemento ao que se opta, elixindo por orde de preferencia outras alternativas. No caso de non estar dispoñibles os espazos seleccionados, poranse a disposición do adxudicatario os restantes, os que se optará por orde de prelación segundo o baremo.

3. **Documentación.** A documentación que se debe aportar é:

- a) **Impreso de solicitude** debidamente cuberto e asinado (Anexo I).
- b) No caso de persoas físicas, **copia do Documento Nacional de Identidade**.
- c) No caso de persoas xurídicas, **copia da escritura de poder ou documento acreditativo da representación legal de identidade do solicitante**, así como copia da escritura de constitución da empresa.
- d) **Memoria descriptiva** que inclúa, como mínimo, os contidos do modelo de plan de empresa que se adxunta na presente convocatoria (Anexo IV).
- e) Os **cidadáns estranxeiros** deberán presentar a documentación vixente no momento de apertura da presente convocatoria. Como norma xeral os cidadáns da UE deberán dispoñer do NIE. Os cidadáns extracomunitarios, ademais do NIE, deberán aportar o permiso de traballo que corresponda.
- f) Tanto os empresarios individuais como para as empresas **que teñan iniciado a súa actividade**, modelo 036/037 onde conste a data de alta da mesma así como a alta no réxime da Seguridade Social que corresponda, xeral ou autónomos, e o último recibo ou xustificante de cada un dos socios ou do empresariado individual.
- a) Para empresas ou empresarios individuais que non teñan iniciado actividade, **declaración de data prevista de inicio**. En ningún caso se atenderán solicitudes nos que a data de inicio prevista supere os trinta días dende a data prevista de adxudicación de espazo. No caso de non coñecerse a data deberá contar o compromiso no prazo de trinta días dende a adxudicación.
- b) **Curriculum Vitae** de emprendedor ou emprendedores, coa acreditación documental de formación relacionada coa actividade empresarial.
- c) **Vida laboral** de emprendedor ou emprendedores, coa acreditación da experiencia laboral relacionada coa actividade empresarial.

4. **Da subsanación e mellora de solicitudes.** De conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sobre subsanación e mellora da solicitude, requirirase ao interesado ou interesada para que no prazo de 10 días naturais, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixera, entenderase por desistida a súa petición.

5. **A Comisión de Selección municipal** estará composta polo seguintes membros:

- Alcalde ou alcaldesa, ou persoa en quen delegue, que actúa como presidente/a.
- O Secretario/a municipal ou persoa en quen delegue, que actúa como secretario/a.
- O Concelleiro/a da área de mercado ou comercio ou persoa en quen delegue.
- Un representante dos grupos da oposición.
- Un membro da Axencia de Desenvolvemento Local.
- Un representante do Asociación de comerciantes da Praza de Abastos.

6. A selección de proxectos que acceder aos Espazos de Emprendemento do Mercado Municipal será realizada pola Comisión de Selección tendo en contas os **criterios establecidos** no Anexo II destas bases.

Sexta. Resolución do proceso selectivo

1. **Resolución.** Unha vez avaliados os proxectos pola comisión técnica segundo os baremos establecidos elaborárase unha proposta de adxudicación.

O Concello do Grove procederá a ditar a correspondente lista provisional de admitidos e excluídos, concedendo un prazo de 10 días naturais dende a súa publicación, para a

presentación dos documentos que acrediten a veracidade dos datos expostos no proxecto presentado. Os mencionados documentos son:

Para sociedades con inicio de actividade:

1. Modelo 036/037 de inicio de actividade e, no caso de sociedades, escrituras de constitución rexistrada e estatutos e NIF definitivo.
2. Imposto de sociedades do último exercicio liquidado. Última declaración do IVE presentada AEAT.
3. Alta no réxime de Seguridade Social que corresponda (xeral ou autónomas) de todos os socios que compoñan a sociedade.
4. TC1 de cotización á Seguridade Social do último ano abonado na data de solicitude.
5. Certificación de estar ao corrente do pago de todo tipo de obrigacións tributarias co Concello, coa Administración estatal, así como coa Seguridade Social.

Empresarios individuais con inicio de actividade:

1. Número de identificación fiscal da entidade solicitante.
2. Modelo 036/037 de inicio da actividade.
3. Alta en Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
4. Declaración responsable subscrita polo representante legal da empresa ou persoa física que acredite que a mesma está ao corrente de pago de todo tipo de obrigas tributarias co Concello e coa Administración estatal, así como a Seguridade Social.

En todo caso, publicarase na páxina web do Concello e nos taboleiros de anuncios, a listaxe provisional dos proxectos admitidos e excluídos e, posteriormente, a listaxe dos proxectos baremados, indicando as puntuacións obtidas.

A resolución definitiva dos proxectos admitidos e excluídos emitirase no prazo máximo de 30 días hábiles a contar dende a finalización do prazo de presentación da documentación requirida neste punto. Nese listado indicárase ademais os espazos adxudicados, pasando o resto de proxectos admitidos a formar parte da “lista de agarda de proxectos”.

Os emprendedores en proceso de inicio de actividade disporán de 30 días naturais para aportar a seguinte documentación e ámbolos dous unha acreditación de non estar incurso en prohibición de contratar coa administración mediante certificación administrativo, testimonio xudicial ou declaración responsable ante autoridade administrativa, notario ou organismo profesional:

Na forma xurídica de “Sociedade” deberán aportar:

1. Modelo 036/037 de inicio de actividade e, no caso de sociedades, escrituras de constitución rexistrada e estatutos e NIF definitivo.
2. Alta no Imposto de Sociedades.
3. Alta no réxime de Seguridade Social que corresponda (xeral ou autónomos) de todos os socios que compoñan a sociedade.
4. Certificación de non ter débedas co Concello, coa Administración estatal, así como coa Seguridade Social.

Na forma xurídica de “Empresario individual” deberá aportar:

1. Número de identificación fiscal da entidade solicitante.
2. Modelo 036/037 de inicio de actividade.

3. Alta en Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

1. Declaración responsable subscrita polo representante legal da empresa ou persoa física que acredite que a mesma está ao corrente de pago de todo tipo de obrigas tributarias co Concello e coa Administración estatal, así como a Seguridade Social.

En ningún caso pode outorgarse a concesión de máis dun posto á mesma empresa ou persoa física. Tampouco poden coincidir socios ou socios en distintas sociedades concesionarias dos postos.

Así mesmo, en todos os supostos, unha vez publicada a mencionada resolución definitiva, os autorizados procederán á formalización e aportación da documentación orixinal acreditativa de ter constituída a garantía que se establece na base novena da presente convocatoria, no prazo máximo de tres días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da mencionada resolución.

2. Notificación. O Concello do Grove ditará as correspondentes resolucións de autorización de uso de espazos, mediante notificacións individualizadas, servíndose de calquera dos medios dispostos na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Neste acto procederase así mesmo á notificación e aceptación por parte dos adxudicatarios das autorizacións, do cumprimento das instrucións de funcionamento e do réxime interno dos espazos de emprendemento, así como a descrición do espazo adxudicado.

3. Recursos e reclamacións. Contra as resolucións ditadas polo Concello do Grove, que poñen fin á vía administrativa, o interesado poderá interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes seguinte á notificación da resolución segundo o disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 de 1 de outubro ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á notificación da mencionada resolución.

Sétima. Contraprestación.

Establécese , en concepto de tasa como contraprestación ao servizo prestado das contías , en base aos metros cadrados dos distintos espazos e que se detallan no Anexo III da presente convocatoria.

O seu abono farase por períodos mensuais anticipados, nos primeiros cinco días de cada mes. Transcorrido o prazo sen verificarse o pago, a cantidade endebedada devengará en intereses de demora, ao tipo fixado para o exercicio correspondente, ata o momento efectivo do pagamento, sen prexuízo da súa esixibilidade pola vía de apremio.

Oitava. Causas de resolución da autorización de uso dos espazos

Son causas de resolución da autorización, ademais do transcurso do prazo establecido na base cuarta, as seguintes:

1. A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
2. A extinción da personalidade da sociedade ou falecemento do empresario individual.
3. O impago da tasa correspondente ao importe de dúas mensualidades consecutivas ou alternas.
4. O cese da actividade por parte da empresa durante máis de tres meses consecutivos.

5. O incumprimento por parte do empresario autorizado para o uso dos espazos de calquera das obrigas derivadas da presente norma, das instrucións do uso e das que se recollan con posterioridade.
6. A renuncia por parte do empresario.
7. A non comunicación dos seguintes cambios:
 - a. Administrador/órganos de administración.
 - b. Estatutos.
 - c. Domicilio social da actividade.
 - d. Obxecto social/IAE
 - e. Outras variacións substanciais.
8. De mutuo acordo, previa comprobación do cumprimento por parte do empresario ou empresaria das súas obrigas.
9. De xeito unilateral por parte do Concello do Grove, mediante resolución motivada, no caso de non uso ou uso inadecuado dos espazos, ou o incumprimento dos fins para os que está previstos nos mesmos.

Novena. Constitución de garantía

O emprendedor ou emprendedora, ou empresario ou empresaria autorizado para o uso dos espazos, antes da ocupación dos mesmos e no prazo de tres días hábiles dende a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos, queda obrigado á constitución dunha garantía que se corresponde co importe equivalente ao importe de dúas mensualidades (do segundo periodo) e que responderá do incumprimento das obrigas establecidas nesta convocatoria.

A garantía será retida ata a finalización do prazo establecido na resolución ou ata que se dicte resolución polo Concello do Grove que poña fin a utilización, por algunha das causas citadas na base oitava.

Décima. Renuncia á autorización do uso dos espazos

No caso de que unha empresa renuncie a instalarse no espazo unha vez tivera sido autorizada ao seu uso, perderá todos os dereitos, pasando a autorizarse o uso da oficina ao proxecto que apareza en primeiro lugar de entre os que integran a “lista de agarda de proxectos”, de conformidade co establecido na base seguinte.

A renuncia deberá presentarse por escrito no rexistro do Concello do Grove ou por calquera dos medios e formas recollidos na normativa vixente.

Décimo primeira. Proxectos en lista de agarda e asignación de solicitudes

Producida unha vacante nos espazos de emprendemento, o Concello procederá a informar e propoñer a autorización do uso do espazo por aquel proxecto que, tendo participado na selección de proxecto, tivera sido admitido e se atope no seguinte posto na “lista de agarda de proxectos” por orde de baremación. O prazo de permanencia no referido listado será de dous anos a contar dende a data de valoración por parte da comisión técnica, agás renuncia anterior, expresa e escrita do solicitante.

Disposición transitoria.

A presentación de solicitudes poderá realizarse no prazo dun mes dende o día seguinte ao de publicación no perfil do contratante do Concello da aprobación destas bases. A Xunta de Goberno Local como órgano competente por delegación de Alcaldía de 15 de xuño de 2015 poderá abrir novos períodos de incorporación de propostas sempre e cando queden postos vacantes.

ANEXO I.
SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN PARA ADXUDICACIÓN
DE ESPAZO DE EMPRENDEMENTO

Segundo as bases aprobadas no Pleno do Concello do Grove do 30 de xaneiro de 2017

DATOS DO/A SOLICITANTE				
APELIDOS		NOME		
NOME OU RAZÓN SOCIAL				
DATA DE NACEMENTO		DNI		
CORREO		TELÉFONO		
DIRECCIÓN				
DATOS DO/A REPRESENTANTE				
APELIDOS		NOME		
NOME OU RAZÓN SOCIAL				
DATA DE NACEMENTO		DNI		
CORREO		TELÉFONO		
DIRECCIÓN				
DATOS AOS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN				
APELIDOS		NOME		
NOME OU RAZÓN SOCIAL				
DATA DE NACEMENTO		DNI		
CORREO		TELÉFONO		
DIRECCIÓN				
ESPAZO QUE SOLICITA				
(Indique os postos solicitados por orde de preferencia. Numeración no ANEXO V)				
1º		2º		3º
DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE				
Persoas físicas: fotocopia de DNI Persoas xurídicas: Copia da escritura de poder ou documento acreditativo da representación legal e identidade do solicitante e copia de constitución da empresa. Proxecto empresarial. Que inclúa, como mínimo, os contidos do modelo de plan de empresa que se recolle no ANEXO IV. Cidadáns estranxeiros. Documentación vixente. Modelo 036/037, onde conste a data de alta na mesma. Empresas que non teñen iniciado actividade. Declaración data prevista de inicio.				

En O Grove, a ____ de _____ de 2017

Asinado: _____

ANEXO II.
PREGO DE CONDICIÓN S QUE RIXEN A AUTORIZACIÓN DE USO DOS
ESPAZOS DE EMPRENDEMENTO

Segundo as bases aprobadas no Pleno do Concello do Grove do 30 de xaneiro de 2017

PRIMEIRO. BAREMACIÓN DO PERFIL DO EMPRENDEDOR/A (Máximo 7)

- Emprendedor/a con formación regrada relacionada coa actividade a desenvolver: 1,5 puntos.
- Emprendedores que teñan realizado e/ou realizado en programas de Obradoiros de Emprego ou Escolas Taller ou formación ocupacional relacionada co proxecto: 0,5 puntos por cada 100h. de formación ata un máximo de 1,5 puntos
- Emprendedor/a con experiencia laboral relacionada coa actividade a desenvolver: 0,5 por cada 90 días ata un máximo de 2,5 puntos.
- Emprendedor/a mozo/a menor de 35 anos: 0,5 puntos.
- Emprendedor/a maior de 45 anos: 0,5 puntos.
- Emprendedor/a con discapacidade igual ou superior ao 33%: 0,75 puntos.
- Emprendedor/a desempregado/a de longa duración: 0,5 puntos (máis dun ano desempregado acreditado mediante certificado da Oficina de Emprego).
- Emprendedora: 0,5 puntos.

SEGUNDO. BAREMACIÓN DO PERFIL EMPRESARIAL E LABORAL (Máximo 7)

- Forma xurídica:
 - Empresas de economía social: 1,5 puntos.
 - Sociedades mercantís: 0,5 puntos.
- Creación de emprego:
 - Por cada contrato indefinido: 1 punto.
 - Por cada contrato de duración temporal: 0,5 puntos.

Se o traballador/a non é contratado a xornada completa a puntuación aplicaráselle a porcentaxe da xornada que efectúe. Os socios traballadores dados de alta no réxime de autónomos serán asimilados a traballadores indefinidos sempre e cando teñen máis do 25% da sociedade e ocupe cargos de administración na empresa.

- Por contratar a mozos e mozas menores de 35 anos: 1 punto.
- Por contratar parados de longa duración: 1 punto.
- Por contratar a mulleres: 1 punto.
- Por contratar a persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%: 1,5 puntos.
- Por contratar a vítimas de violencia de xénero: 1,5 puntos.
- Por contratar a persoas en risco de exclusión social: 1,5 puntos.
- Carácter innovador do proxecto:
 - Propostas que permitan a diversificación da actividade do Mercado Municipal: 1 punto.
 - Propostas que contribúan á promoción e divulgación do produto local: 1 punto.
 - Propostas que inclúan a implantación de novas tecnoloxías: 1 punto.
- Propostas que teñen en conta a sostibilidade medioambiental: 1 punto.

TERCEIRA. BAREMACIÓN DO PROXECTO EMPRESARIAL (Máximo 7 puntos)

- Entrevista persoal con defensa do proxecto empresarial.

ANEXO III.
TAXAS E PERIODOS DO ABOAMENTO
ESPAZOS DE EMPRENDEMENTO

Segundo as bases aprobadas na Xunta de Goberno Local

Espazo	Metros cadrados	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4
1	9,90	0,00	50,00	60,00	90,00
2	10,30	0,00	60,00	70,00	110,00
3	10,75	0,00	60,00	70,00	110,00
4	10,75	0,00	60,00	70,00	110,00
5	10,30	0,00	60,00	70,00	110,00
6	36,10	0,00	185,00	195,00	360,00

* Aplícase o prezo base dos postos do mercado municipal do ano 2016 (5,109 euros / m2/ mes). De tal xeito que a gratuidade do primeiro ano será compensada nos anos posteriores. Os prezos do terceiro e cuarto ano poderán variar se se producen cambios nas taxas aplicadas ao conxunto do mercado municipal.

ANEXO IV.
MODELO DE PLAN DE EMPRESA
ESPAZOS DE EMPRENDEMENTO

Segundo as bases aprobadas no Pleno do Concello do Grove do 30 de xaneiro de 2017

A análise do proxecto empresarial debe estruturarse nos seguintes apartados, debe respectarse o contido e a denominación dos apartados principais para facilitar a súa valoración por parte dos técnicos:

1. Descrición xeral da idea.

- 1.1. Breve descrición da idea
- 1.2. Denominación
- 1.3. Descrición da actividade
- 1.4. Identificación dos promotores
- 1.5. Presentación do curriculum dos promotores

2. Plan de marketing

- 2.1.1. Produto/ servizo
- 2.1.2. Produtos / servizos
- 2.1.3. Prezos
- 2.1.4. Proceso de fabricación/ desenvolvemento dos servizos
- 2.1.5. Política de prezos
- 2.1.6. Empresas proveedoras
- 2.1.7. Mercado
- 2.1.8. Sector
- 2.1.9. Mercado potencial
- 2.1.10. Estacionalidade
- 2.1.11. Cliente tipo
- 2.1.12. Competencia
- 2.1.13. Vendas, compras e comunicación
- 2.1.14. Previsión de vendas no primeiro ano
- 2.1.15. Previsión dos tres primeiros anos
- 2.1.16. Xustificación da previsión de vendas
- 2.1.17. Previsión de compras. Primeiro ano
- 2.1.18. Previsión de compras dos tres primeiros anos
- 2.1.19. Xustificación da previsión de compras
- 2.1.20. Comunicación e publicidade
- 2.1.21. Previsión a tres anos de gastos en comunicación
- 2.1.22. Estratexias futuras de marketing

3. Plan de recursos humanos

- 3.1. Plantel (incluir aos promotores)
- 3.2. Descrición dos postos de traballo
- 3.3. Sistema de selección de persoal
- 3.4. Costes salariais dos tres primeiros anos

4. Plan xurídico mercantil

- 4.1. Forma xurídica elixida
- 4.2. Avantaxes e inconvenientes
- 4.3. Gastos de posta en marcha

5. Plan económico financeiro

- 5.1. Balance da situación inicial

- 5.2. Contas de resultados provisionais
- 5.3. Orzamento de teusorería
- 5.4. Balances finais
 - 5.4.1. Balance de situación dos tres primeiros anos.

6. Posta en marcha

- 6.1. Data prevista de inicio da actividade
- 6.2. Breve descrición das tarefas para a posta en marcha
- 6.3. Reflexións sobre a viabilidade do proxecto
- 6.4. Conclusións

ANEXO V. PLANO DE IDENTIFICACIÓN DOS ESPAZOS ESPAZOS DE EMPRENDEMENTO

Segundo as bases aprobadas no Pleno do Concello do Grove do 30 de xaneiro de 2017

SUPERFICIES UTILES:	
LOCAL Nº 1	9,90 m2
LOCAL Nº 2	10,30 m2
LOCAL Nº 3	10,75 m2
LOCAL Nº 4	10,75 m2
LOCAL Nº 5	10,30 m2
LOCAL Nº 6	36,10 m2

